

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN CULTURAL HISPANO-GALLEGA CABALLEROS DE SANTIAGO PARA O MANTEMENTO DUN PUNTO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO EN SALVADOR DE BAHÍA, BRASIL.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Asociación Cultural Hispano-Gallega Caballeros de Santiago de Salvador de Bahía (Brasil) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre as entidades asinantes para o mantemento dun punto de información e asesoramento nas instalacións da Asociación Cultural Hispano-Gallega Caballeros de Santiago de Salvador de Bahía, Brasil.

O punto de información e asesoramento ten como finalidade realizar actividades de información, difusión, asesoramento e colaboración na xestión dos programas e das actividades que desenvolve anualmente a Secretaría Xeral da Emigración, especialmente as de carácter socio asistencial.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte: A Asociación Cultural Hispano-Gallega Caballeros de Santiago de Salvador de Bahía é unha entidade sen ánimo de lucro, inscrita como comunidade galega no Rexistro da Galegitude. Agrupa actualmente a máis de trescentos emigrantes galegos e galegas e a súa descendencia, representativos da importante colonia galega residente no dito estado e que constitúen o colectivo potencialmente susceptible de ser beneficiario dos programas e actividades levadas a cabo pola Secretaría Xeral da Emigración.

Ambas as partes coinciden en que é necesario chegar a este colectivo para que coñeza o contido das accións das que pode beneficiarse, especialmente daquelas de carácter socio asistencial, dado que o actual contexto económico que se vive no país fai que moitas das persoas que o integran se atopen en situación de carencia e que por descoñecemento non soliciten participar nos ditos programas.

A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea, ademais de ser a única entidade destas características existente en Salvador de Bahía, para o outorgamento dunha axuda de carácter singular que non se enmarca dentro



da súa actuación xeneralizada de axudas, polo que non é posible promover a concorrencia pública, ao amparo do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados no texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Para o financiamento das actuacións previstas neste convenio, a Secretaría Xeral da Emigración achegará sete mil euros (7.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, código de proxecto 2015 00039 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023.

En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital.

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

